

AS VACACIÓNS DE M. HULOT

[Jacques Tati, 1953]

38

ESTREA EN NUMAX: 7.08.2015 | V.O.S.G.

FICHA TÉCNICA

Les vacances de M. Hulot (1953, 88')

Dirección: Jacques Tati

Guión: Jacques Tati, Henri Marquet

Reparto: Jacques Tati, Nathalie Pascaud, Michèle Rolla, Valentine Camax, Louis Perrault, André Dubois, Valentine Camax

Montaxe: Suzanne Baron, Charles Bretonneich, Jacques Grassi

Son: Jacques Carrère, Roger Cosson, Guy Michel-Ange

Música: Alain Romans

Fotografía: Jacques Mercanton, Jean Mousselle

Produtora: Cady Films

Distribuidora: A Contracorriente Films

Formato de proxección: DCP 2K, 1,33:1

FILMOGRAFÍA ESCOLLIDA

Escola de carteiros, 1947

Día de fiesta, 1949

Meu tío, 1958

Playtime, 1967

Traffic, 1971

Parade, 1974

«Tati propuxose crear un personaxe universal, un tipo corrente e vulgar, desbordado polos excesos da vida moderna, despistadísimo e amante da sinxeleza. Entón naceu Hulot...»

Rosa Rivas. EL PAÍS

SINOPSE

Nun balneario da costa atlántica, os veraneantes non son quen de se afastar dos seus rutineiros costumes urbanos. Até que chega o señor Hulot ao volante da súa vella carraca e rompe a calma estival. Para gran alegría dos cativos, Hulot ofrecerá aos hóspedes do hotel unhas vacacións inolvidábeis.



AS VACACIÓNS DE M. HULOT

[Jacques Tati, 1953]

MATERIAIS

As vacacións de M. Hulot

Dave Kehr

As vacacións de M. Hulot é un dos filmes máis radicais nunca feito, a *Consagración da primavera* das películas. Se o seu radicalismo non foi nunca plenamente percibido —divertiu a público de todo o mundo no canto de escandalizalo— é porque *As vacacións* é unha comedia, e todo o mundo sabe que as comedias non se deben tomar en serio. Pero sen *As vacacións de M. Hulot* non habería Jean-Luc Godard, nin Jean-Marie Straub, nin Marguerite Duras, nada do cinema moderno. Co seu filme do ano 1953, Jacques Tati introduciu a primeira e decisiva cuña entre o cinema e a narración clásica. E para facelo, Tati tivo que volver á prehistoria do cinema —a era dos Lumière, Méliès, Porter e os seus predecesores anónimos, antes de que as prioridades narrativas fosen firmemente codificadas no xeito en que as películas eran filmadas e editadas— para atopar unha maneira non narrativa de mirar. A ollada da cámara de Tati é, como nos filmes dos pioneiros, case totalmente inocente: non fai xuízos de valor, nin escollas dun elemento sobre outro que botan a historia fóra dun mundo indiferenciado. Tati filma sen prexuízos, sen prioridades; el ve (ou intenta ver, dentro dos límites do encadre) todo.

Tati finxe que D. W. Griffith nunca existiu. Mantén os seus tiros de cámara onde a gramática clásica esixiría un corte; prefire planos longos a primeiros planos, vistas xerais que abranguen até o detalle máis significativo. Nun dos gags de apertura de *As vacacións de M. Hulot*, un grupo de pasaxeiros van e veñen dunha plataforma a outra, confundidos polos anuncios inintelixíbeis que o sistema de megafonía emite para indicar a vía á que chegará o seu tren. Griffith filmaría a escena con breves insertos das caras de pánico dos pasaxeiros, e se cadra reduciría a ida e volta entre as plataformas para fortalecer o suspense —collerán os pasaxeiros o seu tren ou non? Mais Tati simplemente monta a súa cámara no tellado da estación, onde ten unha visión diáfana e picada de toda a escena, e filma a acción nun único plano secuencia. A medida que o grupo

de viaxeiros corre da vía máis afastada até a máis cercana, do fondo ao primeiro termo, o plano convértese nunha caste de exercicio de quencemento para o filme que nos espera: o espectador será levado a explorar todo o campo de cada toma, do máis preto ao máis lonxe, dun lado ao outro, de arriba a abaixo. O espectador aprende por si mesmo a dirixir a súa atención; Tati non vai tomar a decisión por el.

A versión inglesa de *As vacacións de M. Hulot* vén precedida por unha advertencia: «Non procures unha trama, as vacacións son exclusivamente para divertirse». A astuta expresión agocha un serio desafío para o público —que cinéfilo concordaría con que «trama» e «diversión» son termos contraditorios? Para Tati, a renuncia á narración é un acto liberador; *As vacacións de M. Hulot* son tamén unhas vacacións para o espectador, 93 minutos nos que somos libres de seguir os nosos propios impulsos e non temos que someternos ás ordes do xefe. O narrador xa non está ao mando. Non hai ninguén que nos leve correndo dun suceso a outro, dicíndonos onde temos que mirar, cando rir, que sentir. O filme de Tati é exactamente o contrario do entretemento escapista, no sentido de que non nos libera das nosas propias emocións e percepcións. Ofrece outro tipo de escape, se cadra un máis profundo —escape da dominación, da disciplina—, un voo cinematográfico cara á liberdade.

Fragmento do artigo *Les vacances de M. Hulot*, de Dave Kehr, publicado en Filmreference [<http://www.filmreference.com/Films-Tw-Vi/Les-Vacances-de-Monsieur-Hulot.html#ixzz3hfWnXpdH>]

NA LIBRARÍA NUMAX

Integral Jacques Tati. [PACK BLU-RAY]
Jacques Tati. Carlos Cuellar. Cátedra
El papagayo de Monsieur Hulot.
David Merveille. Kalandraka
Hay clases sociales. Joan Negrescolor.
Media Vaca

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org